



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)  
-----

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE** **DATA DO 03/12/2015**

**Alcalde – Presidente:**

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)

**Concelleiros asistentes:**

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)

Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)

Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)

**Concelleiros que non asisten:**

Dona Eva Arias Aira (PSOE)

Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)

Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)

**Secretario:**

Don Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 3 de decembro de 2015, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Rodrigo Blanco Nóvoa.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA DO 29/09/2015.**

O Sr. Alcalde pregunta ós membros da Corporación se teñen algunha corrección que facer á devandita Acta plenaria que foi facilitada ós Concelleiros/as xunto coa notificación desta sesión.

Non se fai ningunha corrección, aprobándose as mesmas co voto a favor da unanimidade dos presentes.



**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

O Concello de Vilamartín de Valdeorras ten establecido o Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras, no que se grava a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente.

O artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece a posibilidade de regular e establecer unha serie de bonificacións sobra a cota do imposto.

Na Ordenanza actualmente en vigor no Concello só ven contemplada unha bonificación do 2% da cota a favor das construcións, instalación ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Por esta Alcaldía considérase necesario incluír unha bonificación para favorecer e fomentar no Concello as construcións, instalación e obras que teñan un especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias que así o xustifiquen de carácter social, cultural, histórico-artístico ou fomento do emprego.

A tal efecto, propónse a ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, mediante a inclusión dun no apartado no seu artigo 7º co tenor literal seguinte:

*“Artigo 7º. Bonificacións e reducións sobre a cota do imposto.*

*- Concederáse unha bonificación do 90% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”*

**SEGUNDO.** Dar o expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiros de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta días hábiles,



**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

dentro dos cales os interesados podrán examinalo e plantear as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións o expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INORDE E O CONCELLO PARA A XESTIÓN DO PLAN DIRECTOR XEODESTINO Nº 12 MANZANEDA-TREVINCA.**

A Alcaldía propón ó Pleno a aprobación da seguinte proposta de Acordo:

Aprobar a adhesión do Concello de Vilamartín de Valdeorras ao convenio de colaboración entre o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico-Inorde (organismo autónomo de carácter administrativo da Deputación Provincial de Ourense) e os Concellos de A Pobra de Trives, A Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, chandrea de Queixa, Larouco, Manzaneda, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, A Rúa, San Xoán de Río e Vilamartín de Valdeorras.

O obxecto do Convenio é p de executar o plan director de turismo do xeodestino nº 12 Manzaneda–Trevinca no que están definidas as actuacións necesarias para o desenvolvemento da actividade turística e económica neste xeodestino e todas aquelas actuacións que teñan relación co sector turístico e que se esenvolvan dentro do seu ámbito territorial.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)  
-----

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

A Alcaldía propón ó Pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

**1º)** Aprobar a adhesión do Concello de Vilamartín de Valdeorras ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

**2º)** Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**3º)** Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Enrique Alvarez Barreiro. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde/Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dundo conta a Pleno.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**5.- DAR CONTA DO INFORME DE ALCALDÍA SOBRE A IMPOSIBILIDADE DA COBERTURA DO POSTO DE TESOURERÍA POR FUNCIONARIO LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.**

D. ENRIQUE ALVAREZ BARREIRO, como ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Vilamartín de Valdeorras, e como xefe superior de persoal, en virtude das competencias que me atribúe a lexislación do réxime local,

Visto o artigo 3 do Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, que modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; que implica que o posto de Tesourería dos Concellos queda reservado a funcionarios de administración local de carácter nacional.

De conformidade co establecido na Disposición Final 2º da Lei 18/2015, de 9 de xullo, que dá unha nova redacción ó apartado 1º da Disposición Transitoria 7ª da Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

**INFORMO:**

**1)** A imposibilidade da cobertura por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional para desempeñar o posto de Tesoureiro no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

Dita imposibilidade, polos seguintes motivos:

1º Ausencia de consignación orzamentaria do importe necesario para cubrir a praza de Tesourería por funcionario de administración local de carácter nacional.

2º Imposibilidade de cobertura do posto por falta de funcionarios habilitados que poidan cubrir a praza, aínda de forma provisional.

Esto manifestase claramente no ámbito da Provincia de Ourense, onde existen actualmente numerosos Concellos que non dan cuberto nin a praza de Secretaría-Intervención; polo que moito menos todas as prazas de Tesourería que, con esta modificación legal, terían que cubrirse en todos os Concellos afectados.

**2)** Que esta imposibilidade acreditada da cobertura do posto de Tesourería por un habilitado nacional deberase por en coñecemento do Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

**3)** Que, posto en coñecemento do Pleno Municipal, deberá solicitarse asistencia á Deputación Provincial de Ourense para a designación dun funcionario de carreira da mesma para o desempeño do posto.

**4)** Que en caso de resposta desfavorable por parte da Deputación Provincial de Ourense, este Concello estará facultado para propoñer o nomeamento dun funcionario propio da entidade local, que actuará baixo a coordinación dun funcionario do grupo A1 da Deputación.

O que teño a ben informar, ós efectos oportunos, en Vilamartín de Valdeorras a 24 de Novembro de 2015.



**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

## **6.DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDIA.**

Dase conta dos seguintes Decretos ditados pola Alcaldía desde a última sesión plenaria ata a data de convocatoria do Pleno: 26 decretos entre las fechas 25-09-2015 al 26-11-2015. Que non se publican porque puidesen ter informacions que vulneren a lei de protección de datos, pero que se atopan a disposición no concello.

## **7.- MOCIÓN DE URXENCIA DO PSOE PARA DAR CONTA DO CONTRATO DA FILLA DA ANTERIOR ALCALDESA CO CONCELLO DE VILAMARTÍN E OUTRAS ACCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

O Sr. Deramond, voceiro do PSOE, propón ó Pleno someter unha Moción de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 91.4 do R.O.F. (Real Decreto 2568/1986), para o seu sometemento polo Pleno.

Xustifica a mesma co motivo de dar conta do requerimento que realiza a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de fai aproximadamente un mes, do contrato que realizou este Concello no ano 2013, á Sra. M<sup>a</sup> Angeles Candal, filla da que era nese momento a Alcaldesa de Vilamartín de Valdeorras e actual Concelleira da oposición; así como dar conta das diversas actuacións levadas a cabo polo grupo de gobernó at o momento.

Polo pleno procédese a votar a urxencia da Moción, a cal é aprobada por unanimidade.

O Sr. Deramond toma a palabra e da conta o Pleno, literalmente, do seguinte:

*"En el ejercicio correspondiente a los años 2013 la Consellería de Trabajo y Bienestar sacó una subvención la cual le concedieron a este Ayuntamiento un PROGRAMA FORMATIVO DE AUXILIAR DE ENFERMERIA EN GERIATRIA. Un programa en el cual se le pagó a la hija de la Sra. Candal 9.063 € mas iva. Según se desprende de la resolución de la Alcaldía del 16-07-2013.*

*En los requisitos del personal docente se pedía:*

*-Titulación Universitaria (Preferentemente Diplomado en Enfermería) o capacitación equivalente.*



**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

---

Avda. da Constitución nº 8

Tf. 988300001

Fax 988300268

---

*-Tres años de experiencia y*

*-Tener formación metodológica o experiencia docente.*

*Se presentaron tres personas para optar a este puesto:*

*Dos enfermeras con un amplio currículum y la Hija de la Sra.Candal.*

*En el curriculum de La Hija de la ex alcaldesa y relacionado con este curso,solo aparece :*

*Un "CURSO DE EXPERTO PROFESIONAL EN GESTIÓN Y DIRECCIÓN DE CENTROS GERIÁTRICOS Y DE LA TERCERA EDAD"*

*Un cursillo a distancia de la uned con una equivalencia a 25 creditos.*

*Y relacionado más directamente con lo que tenía que impartir como docente:*

*Presenta un Diploma de un Cursillo a distancia de tres meses de AUXILIAR DE GERIATRÍA. Avalado por la FUFESS (Un fundación para la formación y estudios sociales y sanitarios de Canarias).*

*No vamos a entrar en el tema de la incompatibilidad de la que pudiera tener la Hija de una Alcaldesa para facturar al Ayuntamiento como autónoma, porque este no es un órgano judicial, es un órgano político.*

*Y desde el punto de vista político, NO ES ÉTICO que un alcalde contrate a dedo a su hija, que no tiene la formación necesaria y no posee la titulación que se solicita. Es INMORAL que esto ocurra con la permisividad de la administración autonómica.*

*Doy cuenta ante el pleno de este asunto cumpliendo con nuestra promesa de transparencia.*

*Hemos contestado a la Conselleria en fecha 11 de Noviembre recién pasado que NO CONSTA EN EL EXPEDIENTE, EL CONTRATO DE LA HIJA DE LA CONCEJALA CANDAL JARRÍN • Lo único que tenemos es esa resolución de la Alcaldía del 16 de Julio 2013 en la que se acuerda la celebración de un contrato que no se llegó a realizar."*

*Unha vez dado conta do anterior, o Sr. Deramond da conta tamén do Convenio que se firmou coa Fundación Valdegodos para a reserva de prazas*



**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

na Residencia de Valdegodos para posibles emerxencias sociais, así como a cesión de 2 nichos no cemiterio a disposición do Concello para xente sen recursos.

Toma a palabra Dna. Amparo, do PSOE, dando conta tamén de varias accións do grupo de gobernó a saliantar como:

- O tema do voluntariado, que realizan moitas actividades colaborando co Concello.
- O grupo de protección civil, ós que hai que agradecerlles a súa laboura en distintos acontecementos como a volta ciclista, a travesía a nado de Valdeorras, a Festa das Covas... e moitos outras neste e nos concellos da comarca.
- A realización de limpezaas varias en todo o termo municipal polos operarios municipais dirixidos polo Alcalde, dunha maneira moito máis económica e eficaz que no anterior goberno.
- A celebración de varios xornadas de reciclaxe, cursos da Cruz Roxa, curso na biblioteca de confección de libros, exposición sobre a violencia de xénero, travesías nocturnas, a ruta dos Muíños, os Magostos (onde só se gastaron 250 euros, en vez de 2.500 como fixo o anterior gobernó)...
- A contratación dunha brigada de incendios, ó abeiro dun Convenio con Medio Rural, que limparon todas as hectáreas requeridas no mesmo resultante dunha boa organización do traballo; e cun aforro de precio, incluso comprando material en vez de alquílalo como noutros anos.

Por último, o Sr. Alcalde da conta do Obradoiro de Emprego que se está a realizar por este concello en colaboaración cos Concellos limítrofes, xa solicitado polo anterior grupo de goberno; no cal, aínda con un presuposto bastante limitado, estanse realizando obras como hormigonado en Cernego insatalación de suelo de pizarra en fontes e barandillas de madeira, poda de árboles en todo o pobo... E que faltan por realizar obras na zona de O Bañadoiro para habilitar 200 m<sup>2</sup>, mediante a instalación dunha barandilla de pedra e camiño de zahorra.

Pero deixa constancia de que non lle gustan ese tipo de subvencións na que obrigan ó Concello a realizar obras ou actividades xa tasadas previamente.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra o Sr. Pinto, de A.V., preguntando sobre o novo trazado ó pobo de San Vicente.

O Sr. Alcalde responde que existen 5 posibilidades e proxectos presentados pola Deputación Provincial, pero que ningún convence ós veciños de San





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

Vicente, que en reunión mantida con eles deixaron claro que o único que aceptarán será o recheo do terreo.

Continúa expondo que, no seu momento, firmouse un Convenio entre Deputación, Cavima e o Concello para que estivera feito e solucionado no ano 2014, cousa que non se fixo.

Dí que se está a redactar informe polo técnico do Concello sobre as variantes propostas para remitir á Deputación; e alude á problemática do recheo desde o punto de vista económico (presupostado nuns 9 millóns de euros) como na dificultada de obter a autorización correspondente da Confederación Hidrográfica.

O Sr. Pinto tamén pregunta sobre a escombrera existente no pobo de Valdegodos.

O Sr. Alcalde contesta que o existen dúas solicitudes de licenza no Concello np trámite de autorización autonómica que aíndo non foron resoltas polo servizo de urbanismo da Xunta de Galicia, na que se atopa un proxecto de plantación de olivos nesa zona, previo recheo do terreo con bancales; e que existe unha orde de paralización á empresa responsable.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 20:16 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

Asdo.: Rodrigo Blanco Nóvoa